

X. Henrique Rivadulla Corcón

VAGABUNDO REI ESQUECIDO BREOGAN (Monólogo teatral)

Polas rúas da Coruña un vagabundo camiña. Aparenta os setenta anos, é alto e delgado. Gasta longos cabelos e barba tamén de meses sen cortar. Atrévome a dicir que a pesar do seu aspecto sucio e de roupas vellas transmite a elegancia que se lle supón a un heroe mítico, pero é un vagabundo.

Chega ao pé da Torre de Hércules e sube ao peitoril que a rodea e dende a alí, mentres a xente camiña polas inmediacións da torre, el pronuncia o seu discurso, ao que ninguén dos que pasan preto atende. Só algúns míranlo curiosos pero alleos ao que di.

De todos os xeitos non se trata dun discurso arroxado con violencia ao mundo, é un discurso íntimo que espera ser escoitado

VAGABUNDO: Mirades para min e non sabedes que estades vendo. Estades convencidos do que os voso ollos vos mostran. Eles vos din que ante vos tedes a un vagabundo, e iso é o que son, pero ninguén é soamente un home ou unha muller, cada un dos que pasades ante min podedes ser moitos, aínda que non vos atrevades a ser nada máis que un.

Son un vagabundo porque elixín selo, pero tamén son algo que nunca decidín ser, nacín para selo... iso me dixeron cando me anunciaron cal era o meu destino. Pero se vos non dubidariades en responder á pregunta de que vedes quen son, eu si o dubido, e en verdade vos tamén.

O meu nome é Breogán, iso si que é certo. Pero ten isto significado máis alá de ser un simple nome?

De cantos dos que estades ante min teñen negado a existencia? De min négana. Vos me vedes, sen embargo é posible que non exista, que nunca existira, que nunca chegue a existir, pero o certo é que estou aquí, iso non o poderán negar. Si poderán negar que existo, pero non que vos estou falando. Escoitades a miña voz? A escoitades. Pero non vos poñedes de acordo en que son: Un home que foi o rei que fundou a cidade, que mandou levantar a vella torre sobre a que os Romanos construíron a que vedes, o pai de quen veu Irlanda dende a súa cúspide, o tío de quen navegou ata esa illa a conquistala? Ou son nada máis que a invencións duns interesados monxes de Irlanda e o pretexto duns intelectuais galeguista que necesitaban un mito para xustificar unha nación? Son un mito imaxinado saído dunha pluma ousada, ou son un home que sufriu, amou, chorou, sorriu?

Pode un vagabundo ser un mito? O que estou seguro é que un vagabundo si pode ser un home.

Si existín, existo e existirei, todo estará no seu sitio. Pero se só son produto da imaxinación non seguirá todo igual no seu sitio? Cambia o que eu sexa as vosas vidas, as vosas crenzas, a vosa historia?

É inútil que debatades se existín, si existo e existirei, é inútil. Podedes preguntarvos sobre se fun un home como todos vos, ou un mito, se nacín dun ventre de muller ou dunha mente imaxinativa. Pero sexa dun xeito ou doutro a verdade é que existín, existo e existirei. Preguntade por min e ninguén vos dirá que Breogán é un vagabundo que hoxe ira comer á Cociña Económica e pasara a noite nunha bancada do Campo da Leña. Diranvos que Breogán foi o caudillo Celta, o pai mitolóxico da nación dos galego. Iso é verdade fora eu un home ou tan só un ser imaxinado. Sexa real ou mítico xa nada poderá cambiar que no himno dos galegos esta terra é a nación de Breogán.

Tampouco xa nada poderá cambiar que agora son un vagabundo.

O vagabundo baixa do peitoril, pide un pito e fumando baixa a costa que leva da Torre de Hércules a onde está a estatua de Breogán. Pasa ao seu lado sen mirala para dirixirse a Cociña Económica, vai dar a hora de comer.

MOFA E BEFA: "XENTE AO LONXE"

Atendendo o emotivo chamado do presidente Zapatero de cara a xuntar esforzos para acadar unha alianza de civilizacións, Mofa e Befaf resolveron facer unha significativa achega a tan

digna empresa, botando man do seu talento e creando, unha vez máis, unha obra de carácter didáctico que vai espallar por todo o planeta esta idea tan bonita do noso presidente estatal.

Xa levamos recibidos centos de telegramas de agradecemento por ter tomado esta iniciativa. Cabe destacar o apoio incondicional mostrado cara este espectáculo por persoeiros da importancia de Alfredo Rubalcaba, Esperanza Aguirre, Rodrigo Rato, José Saramago, Kofi Annan, Manu Chao, Karina Fallagan e outros que por seren menos importantes non citamos.

Nesta magna peza documental o espectador poderán ver de preto representantes das etnias máis estrafalarias; Romenos da Arousa, Moinantes Sicilianos e Flamencos Abertzales. Unha amálgama única que pasa por diante mesmo da romaría internacional, no que a cousas raras se refire.

De forte contido musical, esta obra pretende ser o cerne dun espectáculo operístico que produciremos no futuro, se é que apañamos unha subvención a xeito. Os xéneros van do rock á tarantela pasando pola rumba vasca e máis pola repichoca palermitana. Un amplo abano que, se ben non dá para flipar polas pernas, polo menos dá para despistar ao respectábel e agochar as eivas dos executantes.

É o noso desexo que os espectadores saian da sala sentíndose máis próximos aos seus semellantes doutras terras e sentíndose tamén un pouco máis intelixentes. Ou cando menos, máis intelixentes ca nós.